



## ANEXO II

### Modelo de declaración responsable

D/D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_  
actuando como representación da empresa/empregador  
( NIF/CIF: \_\_\_\_\_ )

Declara responsablemente

1. A actividade desenvolvida pola empresa que represento viuse afectada polo peche de establecementos disposto polo artigo 10 do RD 463/2020, do 14 de marzo, modificado polo RD 465/2020 do 17 de marzo.
2. Que a persoa solicitante reúne os requisitos regulados nas presentes bases en canto ao número de traballadores, réxime de tributación e importe neto anual de cifra de negocios e está exenta do pago do imposto de actividades económicas.
3. Asumir o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
4. Que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TXSS) coa Atriga e non ten débedas pendentes co Concello de Tui.
5. Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro e, en concreto, nos apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34.
6. Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigacións das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
7. Que a persoa solicitante se compromete á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar, o máis axiña posible, as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da súa resolución e fin do prazo de xustificación.
8. Que, en caso de tratarse dunha comunidade de bens, cooperativas, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica, non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei



CONCELLO DE TUI

38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita lei.

Solicitude que se formula:

Concesión de subvención dentro da convocatoria regulada nas presentes bases do Concello de Tui anualidade 2020, por unha contía de:

LIÑA 1: \_\_\_\_\_

LIÑA 2: \_\_\_\_\_

LIÑA 3: \_\_\_\_\_

LIÑA 4: \_\_\_\_\_

TOTAL SOLICITADO: \_\_\_\_\_

O máximo de subvención por beneficiario será de 1000 euros.

....., ..... de ..... de 2020.

(Asdo. pola persoa interesada)

ALCALDÍA CONCELLO DE .....

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.